

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024014239
ASUNTO	I Edición dos Premios Boas Prácticas en Igualdade
TRÁMITE	Aprobación e autorización do gasto

O Presidente no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Por Resolución Presidencial núm. RP2024003519 de data 29 de abril de 2024, aprobáronse as bases reguladoras da I edición dos Premios ás Boas Prácticas en Igualdade da Deputación de Pontevedra, cuxa finalidade é distinguir as actividades, proxectos ou programas executados por persoas físicas e entidades, que destaquen como boas prácticas en igualdade de xénero e contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 10 de 3 de xuño de 2024. A convocatoria presentáronse un total de cincuenta e seis candidaturas.

Resultando que as entidades e persoas premiadas foron seleccionadas por unha comisión de valoración, tal e como se recolle na base decimo terceira das citadas bases reguladoras da convocatoria.

Vista a Acta da Comisión de Valoración seleccionador da I edición dos Premios Boas Prácticas en Igualdade reunido o día 25 de outubro de 2024.

RESOLVO, autorizar e comprometer o gasto de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 24/250.2315.480.06 coa R.C. núm. 202400120017, a favor das persoas e entidades gañadoras da I edición dos Premios Boas Prácticas en Igualdade que se relacionan a continuación,

## A. Premios

- Premio ás boas prácticas en materia de igualdade en entidades de Iniciativa social:

Código expediente	ENTIDADE	CIF	CATEGORÍA	PREMIO
2024046030	Asoc. Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo	***9286**	<i>Primeiro premio</i>	3.000 €
2024049550	Asoc. diagnosticados de Cancro de Mama	***3803**	<i>Accésit</i>	1.000 €



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

- Premio á mellor iniciativa cultural en materia de igualdade:

Código expediente	ENTIDADE	CIF	CATEGORÍA	PREMIO
2024053598	Asoc. Cultural entre bambalinas de Moaña	***2090**	<i>Primeiro premio</i>	3.000 €
-	-	-	<i>Accésit</i>	1.000 €

- Premio á mellor iniciativa deportiva en materia de igualdade:

Código expediente	ENTIDADE	CIF	CATEGORÍA	PREMIO
2024053597	Club Poio Fútbol Sala	***3630**	<i>Primeiro premio</i>	3.000 €
2024053585	Clube Balonmán Cañiza	***3207**	<i>Accésit</i>	1.000 €

- Premio á mellor iniciativa educativa en materia de igualdade:

Código expediente	ENTIDADE	CIF	CATEGORÍA	PREMIO
2024049685	IES Illa de Ons	***0009**	<i>Primeiro premio</i>	3.000 €
2024049555	Centro Público de Educación e Promoción de Adultos Nelson Mandela	***0003**	<i>Accésit</i>	1.000 €

Estes importes están suxeitos á correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente. O recoñecemento da obriga e o abono realizarase proximamente coincidindo co acto de entrega de premios.

#### B. Distincións honoríficas

A proposta das persoas que compoñen o xurado concédense unanimemente as distincións honoríficas, pola súa relevancia, notoriedade e mérito a:

O Centro de Información á Muller (CIM) do Concello da Guarda, polo seu programa de intervención psicosocial con mulleres vítimas da violencia de xénero ou situacións familiares conflictivas e cos seus fillos/as.

E, a título póstumo, a Carmen Lago Fernández, cofundadora da entidade de iniciativa social Faraxa pola abolición da prostitución, pola súa loita contra a prostitución e a trata de mulleres na provincia de Pontevedra.



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

### **As distincións honoríficas non levan asociado contido económico.**

Contra a presente resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (artigos 112, e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas) que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos no artigo 47 e 48 da mesma lei, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

*Documento datado e asinado dixitalmente*

